

# DIA DA IGREXA DIOCESANA

**11 de novembro de 2018**

## **LEMA: SOMOS UNHA FAMILIA CONTIGO. COLABORA NA TÚA PARROQUIA**

Monición de entrada: Benvidos todos á celebración da Eucaristía deste domingo. De novo Xesús diríxenos a súa Palabra que nos convidará á confianza en Deus e á xenerosidade. E unha vez máis escoitaremos a súa invitación: “Tomade e comed”. Pan e Palabra que son o sustento para o camiño. Coma nós responderán a esta invitación moitas comunidades de crentes, unhas formadas por moitos fieis, outras moi pequenas, a todas elas queremos telas presentes na nosa celebración, porque hoxe celebramos O DIA DA IGREXA DIOCESANA que nos lembra que formamos parte dunha gran familia, a Diocese de Lugo, que debemos coñecela, apreciala e comprometermos con ela. Teñamos tamén moi presentes a todos os que a formamos: o bispo, sacerdotes, relixiosos e leigos.

## SUXESTIÓNS PARA A HOMILIA

1. “Palabra do Señor”, acabamos de escoitar e nós asentimos porque que así o cremos firmemente. O escoitar este relato do Evanxeo quizais se nos ocorra pensar na xente que coñecemos e que se parece aos letrados ou á velliña xenerosa. Pero esta Palabra está dirixida a cada un de nós. É como un espello posto diante de nós para que nos miremos nel e recoñezamos o que hai no noso corazón que nos fai semellantes aos letrados ou á viúva pobre. Xesús móstranos comportamentos moi concretos para que toquen a vida dos seus ouvintes. Como tocan hoxe a nosa vida os personaxes que nos presenta o Evanxeo? Por unha banda están os escribas dos que nos advirte: “coidado con eles”; por outra unha viúva pobre da que nos di: “deu todo o que tiña para vivir”.

2. Os escribas, especialistas da lei de Deus, profesionais da teoloxía, exercían funcións de asesores nos tribunais, de conselleiros e de mestres. Gozaban da maior consideración e había o costume de chamalos “MESTRE”. De aí o desprezo que senten por Xesús que pretendía “ensinar con autoridade” sen ter estudado.

3. De que os acusa Xesús? De vaidade, abuso dos pobres e de hipocrisía. Condena a súa vida ostentosa: traxes, saúdos/reverencias, primeiros asentos en sinagogas e banquetes; de actividades infames: opresión das viúvas e isto no nome de Deus. Explotadores do pobre, utilizan a piedade como medio para xustificar as súas inxustizas, aproveitan a súa situación de poder para enriquecerse. As viúvas, xunto cos orfos, e os estranxeiros son o prototipo de pobre e desvalido na Biblia e eran obxecto de especial preocupación de Deus e deben selo de todo crente, estafalos é un crime especialmente atroz e sobre todo se é por parte de quen tería a función de defendelos. Desenmascara a realidade brutal que pode ocultar unha fermosa vestidura ou unha sonora oración. Vaidade, inxustiza e perversión da relixión, son os seus pecados. Conclúe coa condena severa que lles agarda. Aínda que non podemos pensar que todos fosen así, de feito o domingo pasado Xesús dicía a un deles: “non estás lonxe do Reino de Deus”.

4. Unha viúva pobre é a contrapartida non só da xente rica que bota moito diñeiro, senón tamén de escribas que procuraban chamar a atención. Xesús convoca aos seus discípulos para que aprendan a lección que se explica con detalle: os ricos botaron do que lles sobra, mentres a viúva botou todo o que tiña para vivir. O importante non é a cantidade do que un dea, senón o que un se quede para si. Lembremos tamén á outra viúva, a da primeira lectura que entrega ao profeta todo o que ten para comer. Confianza en Deus e xenerosidade son as virtudes destas dúas mulleres. Conclúe o texto evanxélico presentando á viúva como modelo de discípula.

5. A situación deste relato o final da actividade de Xesús e inmediatamente antes da narración da paixón, parece querer mostrarnos que ela é modelo de discípula, modelo de fe e de seguimento do crucificado. Esta muller que “deu todo o que tiña para vivir” sinálanos a Xesús que “veu dar a súa vida en rescate por moitos” (Cf.10,45)

6. A quen nos parecemos? Dúas formas contrapostas de afrontar a vida. A dos escribas coa súa vida ostentosa, a procura de privilexios sociais, a defraudación e explotación do próximo e a hipocrisía na súa vida relixiosa, en definitiva a separación do primeiro e segundo mandamento que escoitabamos o domingo pasado. Fronte a ese proxecto de vida a actitude das dúas viúvas: a confianza en Deus e a xenerosidade.

7. Hoxe celebramos o día da IGREXA DIOCESANA. Quere lembrarnos que formamos unha gran familia á que nos incorporamos polo Bautismo, e que debemos construíla entre todos: O Bispo, os sacerdotes, os consagrados, os leigos, as familias, as parroquias, as asociacións e demais institucións eclesiais. COLABORA NA TÚA PARROQUIA é o subtítulo que nos indica que este é o lugar máis común, aínda que non o único, para exercer a nosa corresponsabilidade. Nela, na parroquia, debemos colaborar co noso tempo, as nosas calidades, a nosa oración e a nosa colaboración económica.

8. A evanxelización, a vida litúrxica e a acción caritativa e social, o sostemento de cantos consagran toda a súa vida ao ministerio pastoral, a atención aos seminarios e os demais centros de formación, a conservación de lugares de culto e demais actividades pastorais requiren tamén a cooperación económica xenerosa de cantos formamos esta familia. Hoxe é o día da nosa familia á que temos que coñecer para poder apreciála, na que temos que participar e coa que debemos colaborar.

#### ORACION DOS FIEIS:

Oremos ó Señor, fonte de toda misericordia e Pai da familia humana para que bendiga á nosa comunidade diocesana.

1.- Pola Igrexa universal e pola nosa Diocese de Lugo, polo noso bispo Alfonso, polos sacerdotes, polos relixiosos e relixiosas e por todos os leigos da nosa Diocese; para que cada quen cumpramos con fidelidade a nosa misión. Roguemos ao Señor.

2.- Por todas as parroquias e institucións da nosa Diocese; para que sexan no seu ambiente testemuño de Cristo mediante a vivencia da fe e a caridade. Roguemos ao Señor.

3.- Por todos os que formamos a Diocese de Lugo para que creza en nós o espírito de familia, a corresponsabilidade, o afán apostólico e a comunicación cristiá de bens. Roguemos ao Señor.

4.- Polas familias da nosa Diocese que se ven sometidas a probas, para que atopen forza na fe e consolo na nosa caridade. Roguemos ao Señor.

5.- Polos enfermos, os anciáns, os que viven en soidade, os que non teñen traballo e todos os que sofren por calquera causa; para que atopen en Deus consolo e en nós a axuda que necesitan. Roguemos ao Señor.

6.- Para que na nosa Diocese haxa abundantes vocacións á vida sacerdotal e relixiosa. Roguemos ao Señor.

7.- Polos responsables da economía da nosa parroquia e da nosa Diocese para que leven a cabo o seu labor con acerto. Roguemos ao Señor.

Escoita, Señor, as nosas súplicas e concédenos perseverar na verdadeira fe e no ben obrar. Por Xesucristo noso Señor.